



Concello de Cangas

O CONSERVATORIO MUNICIPAL ABRE NOVAS PRAZAS PARA O VINDEIRO CURSO 2017-2018

Entre os días 12 e 15 de xuño estarán abertas as inscricións aos cursos 1º de Grao Elemental e 1º de Grao Profesional do Conservatorio de Cangas.

Cangas, 9/06/2017

Un ano máis o conservatorio municipal de Cangas abre as inscricións para o vindeiro curso 2016-2017. Este ano faino cunha capacidade de admitir 5 novas prazas no nivel Elemental e outras 21 prazas para alumnado do nivel Profesional.

A inscrición estará aberta dende o día 12 ata o día 15 de xuño e poderán presentarse as solicitudes no propio Conservatorio en horario de 16:00 a 21:00 horas.

Documentación a presentar para as inscricións:

1.-SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA PROBA *(recollese na Conserxería do Conservatorio).*

2.-COMPROBANTE DE ABOAMENTO DAS TAXAS: 15,23€ para acceso a 1º Grao Elemental e 40.60€ para acceso a Grao Profesional *(xestión na Tesourería do Concello).*

3.- FOTOCOPIA DO DNI DO ALUMNO/A.

4.- UNHA FOTOGRAFÍA TAMAÑO CARNÉ.

Para máis información consultade nas dependencias do centro en horario de 16:00 a 21:00 horas presencialmente no enderezo: *Avda. de Lugo, 27, 36940 - CANGAS* ou no teléfono de contacto *986 30 41 58*.

Gabinete de Comunicación